


Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2021-2025

	% (T/T-4)	2021	2022	2023	2024	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24	4T24	1T25	2T25
Galicia		8,9	4,3	2,4	2,8	0,3	20,5	7,8	6,9	5,8	5,6	3,3	2,6	3,2	1,6	2,1	2,7	2,3	3,0	3,2	2,8	2,8	2,5
España		7,4	6,4	2,5	3,5	-2,3	19,8	5,4	6,7	7,1	7,5	6,3	4,7	3,6	2,0	2,0	2,2	2,9	3,7	3,6	3,7	3,2	3,1

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



O PIB galego no segundo trimestre de 2025 medrou en 0,5 puntos porcentuais, dato inferior nunha décima ao crecemento rexistrado no trimestre anterior. Isto supuxo un crecemento de 2,5 puntos en termos interanuais, confirmando as previsións. O PIB en España medrou nun 0,8% respecto do primeiro trimestre do ano, dato que se corresponde cunha suba do 3,1% en termos interanuais, valores que superaron as previsións en unha e tres décimas respectivamente.

A evolución da variación porcentual do PIB interanual, (ver Gráfico 1) reflicte que, segundo os datos dispoñibles nesta data, desde o primeiro trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. Por segundo trimestre consecutivo, o crecemento do PIB interanual foi

inferior ao crecemento rexistrado no trimestre previo en España e en Galicia.

As previsións para a evolución do PIB español no terceiro trimestre de 2025 é dunha suba do 0,6% intertrimestral e do 2,8% interanual. As previsións para o PIB galego non están aínda dispoñibles na data de peche deste *Boletín*.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.282,0	10,5	0,8	10,2	0,8
España	25.000,3	178,5	0,7	423,1	1,7

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do terceiro trimestre de 2025 recolle o aumento da poboación activa galega en 10.500 persoas (o 0,8%) respecto do anterior, mentres que en España rexistrouse un crecemento do 0,7% logo de que a poboación activa aumentase en 178.500 persoas, o cal levou á poboación activa a superar por primeira vez na historia os 25 millóns de persoas. Con respecto do

terceiro trimestre de 2024 rexistrouse crecemento da poboación activa tanto en Galicia como en España, aínda que dito crecemento foi menor en Galicia en preto dun punto (0,8% fronte ao 1,7%).

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou en 14.000 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 1,2%), dato superior en preto de sete décimas á media española, logo de que a ocupación en España aumentara en 118.400 persoas (o 0,5%). En termos interanuais producíronse aumentos tanto en Galicia, cunha suba do número de persoas ocupadas de 20.100 (o 1,7%) como en España, onde o fixeron en 564.100 (o 2,6%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no terceiro trimestre de 2025 ata o 49,5%, taxa superior en seis décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en 3,6 puntos á taxa do 53,1% rexistrada en España neste trimestre, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reduciuse en catro décimas respecto do trimestre anterior.


Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia rexistrouse unha redución do paro no trimestre de -3.500 persoas, o que supuxo unha diminución do -3,3% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España medrou no trimestre nun total de 60.100 persoas paradas máis (o 2,3%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, a redución do paro en Galicia tamén foi superior á de España, logo de que o paro baixara en -9.900 persoas, o que supón unha redución interanual do paro do -8,8%, superior ao -5,1% en España, onde o descenso do paro respecto ao terceiro trimestre de 2024 foi de -140.900 persoas. Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 8,0% mentres que en España pasou a ser do 10,5%.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2025

3T25	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	107.858	109.691	113.085	604	1.833	3.394	0,6%	1,7%	3,1%	-10.187	-8.987	-7.907	-8,6%	-7,6%	-6,5%
Homes	43.678	44.206	45.861	-327	530	1.655	-0,7%	1,2%	3,7%	-4.683	-4.111	-3.593	-9,7%	-8,5%	-7,3%
Mulleres	64.182	65.485	67.224	931	1.303	1.739	1,5%	2,0%	2,7%	-5.504	-4.876	-4.314	-7,9%	-6,9%	-6,0%
<30 anos	11.159	11.706	13.125	-184	547	1.419	-1,8%	4,9%	12,1%	-1.101	-827	-667	-9,0%	-6,6%	-4,8%
entre 30 e 44 anos	29.324	30.064	30.399	846	740	335	3,0%	2,5%	1,1%	-3.591	-3.188	-3.051	-10,9%	-9,8%	-9,1%
>44 anos	67.375	67.921	69.561	-58	546	1.640	-0,1%	0,8%	2,4%	-5.495	-4.972	-4.189	-7,5%	-6,8%	-5,7%
Agricultura e Pesca	3.148	3.132	3.199	-84	-16	67	-2,0%	-0,6%	2,1%	-469	-399	-406	-13,0%	-11,3%	-11,3%
Industria	10.282	10.555	10.692	49	273	137	0,5%	2,7%	1,3%	-1.219	-1.089	-1.090	-10,6%	-9,4%	-9,3%
Construción	6.764	6.808	6.868	-93	44	60	-1,4%	0,7%	0,9%	-1.027	-970	-914	-13,2%	-12,5%	-11,7%
Servizos	77.738	79.177	81.664	860	1.441	2.487	1,1%	1,9%	3,1%	-6.462	-5.599	-4.603	-7,7%	-6,6%	-5,3%
Sen emprego anterior	9.928	10.019	10.662	-148	91	643	-1,5%	0,9%	6,4%	-1.010	-920	-894	-9,2%	-8,4%	-7,7%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Xunta de Galicia

Os Boletíns mensuais do paro rexistrado para o terceiro trimestre do ano indican que o **paro rexistrado** aumentou en 5.831 persoas (o 5,4%) respecto do segundo. Respecto do remate do terceiro trimestre de 2024 a taxa de redución rexistrada foi do -6,5%, menor en -2,6 puntos porcentuais á redución interanual ao remate do trimestre anterior. O Gráfico 2, -que amosa a evolución da taxa de variación interanual do paro rexistrado e no cal os meses dos segundos trimestres aparecen sinalados na cor violeta- indica que o paro rexistrado leva 54 meses consecutivos de redución interanual e tamén que dita redución foi a menos intensa dos últimos catro trimestres, logo de que as porcentaxes de redución diminuíran mes a mes desde o -9,1% ata o citado -6,5%.



reducións entre os grupos de menor e de maior idade. A taxa de aumento intertrimestral foi maior entre o grupo de menor idade, debido de xeito sobranceiro ao forte incremento rexistrado en setembro para este grupo. O grupo de persoas de 45 ou máis anos foi o que rexistrou unha taxa de redución menor. Na comparación cos datos recollidos no mesmo trimestre do ano pasado, e tal e como ven de acontecer nos últimos nove trimestres, o grupo de idade intermedia foi o que amosou maior redución do paro rexistrado mentres que os grupos de maior e de menor idade tiveron diminucións similares. Para todos os grupos a porcentaxe de redución do paro rexistrado foi diminuindo para cada mes do trimestre.

No que atinxe aos distintos sectores de actividade a evolución do paro rexistrado amosa máis variabilidade. Aínda que houbo aumento do paro rexistrado para todos os sectores no mes de setembro, o sector agrícola-pesqueiro amosou unha moi cativa redución do paro rexistrado intertrimestral e o da construción un aumento infimo do 0,1%. O principal incremento deuse no sector servizos tanto en termos absolutos como relativos, con incrementos porcentuais mes a mes iguais ou superiores ao incremento porcentual medio. En comparación co terceiro trimestre de 2024. En termos interanuais, tanto o sector primario como o da construción amosaron reducións do paro rexistrado de dous díxitos para cada mes do trimestre, e o da industria ficou preto, con reducións para cada mes de máis do -9%. Destaca neste senso o sector agrícola-pesqueiro, no que a redución superou a media en entre tres e cinco puntos. No sector servizos, sempre o máis numeroso, a taxa de redución mantívose en cada mes na contorna dun punto porcentual por baixo da media. A redución menos intensa tivo lugar entre o grupo de persoas sen emprego anterior, a pesares do cal pechou o trimestre cunha porcentaxe de redución (-7,7%) similar á que amosara ao peche do trimestre pasado.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
3T25	222.127	36.037	19,4%	7.757	3,6%
Homes	114.760	18.070	18,7%	2.269	2,0%
Mulleres	107.367	17.967	20,1%	5.488	5,4%
<30 anos	90.868	21.546	31,1%	6.508	7,7%
entre 30 e 44 anos	70.778	7.642	12,1%	-44	-0,1%
>44 anos	60.481	6.849	12,8%	1.293	2,2%
Indefinido	62.556	5.119	8,9%	1.978	3,3%
Temporal	157.557	29.883	23,4%	5.547	3,6%
Prácticas / Formación	1.363	539	65,4%	11	0,8%
Outros	651	496	320,0%	221	51,4%
Agricultura e Pesca	8.957	4.153	86,4%	465	5,5%
Industria	29.111	2.588	9,8%	652	2,3%
Construción	7.755	387	5,3%	15	0,2%
Servizos	176.304	28.909	19,6%	6.625	3,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses de xullo a setembro de 2025 recollen a sinatura de 222.127 novos contratos, número que supera en preto do 20% aos asinados entre abril a xuño. En termos interanuais a contratación aumentou en preto do 4%, co que este parámetro ven de amosar crecemento por segundo trimestre consecutivo.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenza entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres superou os 7.400 novos contratos a favor deles (51,7% do total asinado fronte ao 48,3%). Porén, e aínda que o diferencial mesmo se incrementou en termos absolutos neste trimestre, a taxa de novos contratos asinados medrou entre os homes menos do que o fixo entre as mulleres con respecto ao

trimestre anterior. Na comparanza cos datos do terceiro trimestre de 2024 a tendencia foi similar logo que o diferencial entre o número de novos contratos asinados por cada grupo diminuíu en máis de tres mil contratos e en máis de dous puntos porcentuais.

Por rangos de idade en termos intertrimestrais tanto os aumentos como as reducións de novos contratos asinados adoitan ser maiores entre as persoas máis novas e este trimestre non foi unha excepción: así, o aumento da nova contratación foi moito máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (por riba do 31%) e foron o único grupo de idade para quen o número de novos contratos medrou por riba do incremento medio e o fixo en preto de 12 puntos porcentuais. Estas diferenzas evidenciáronse tamén na comparanza co que sucedeu no terceiro trimestre do 2024, posto que o incremento no número de novos contratos entre as persoas menores de 30 anos superaron en catro puntos porcentuais ó incremento medio. Pola súa banda, os contratos asinados polos de 45 ou máis anos medraron en pouco máis do 2% e o asinados polas persoas de idade intermedia mesmo se viron reducidos respecto do terceiro trimestre de 2024 (-0,1%).


A sinatura de novos contratos incrementouse para todos os sectores de actividade respecto do segundo trimestre, destacando de xeito especial o sector agrícola-pesqueiro cun número de novos contratos asinados superior ao do trimestre pasado en máis do 86%. Os menores incrementos se deron na construción e no sector industrial, sectores no que a taxa de novos contratos non acadou crecementsos de dous díxitos, aínda que a industria ficou moi preto desa marca. Respecto de fai catro trimestres de novo a contratación na agricultura-pesca e nos servizos medrou por riba do incremento medio mentres que o peor comportamento amosouno o sector da construción cun crecemento dos novos contratos asinados respecto do terceiro trimestre de 2024 de tan só dúas décimas de punto.

De xeito análogo ao que sucede na análise por sectores co sector servizos, o comportamento global por tipo de contrato asinado é moi dependente do que faga a contratación temporal, que neste trimestre aumentou nun 23% respecto do anterior. Pola súa banda a contratación indefinida nova aumentou respecto do anterior trimestre por baixo do 9%, mentres que as outras dous categorías, numericamente menos relevantes, presentaron grandes incrementos. Respecto do terceiro trimestre de 2024 as contratacións indefinida e temporal novas medraron un pouco por riba do 3%. Na categoría de En prácticas / formación os novos contratos asinados apenas medraron e os denominados Outros o fixeron en máis dun 50% respecto de fai catro trimestres.

Afiliação media mensual 3º trimestre 2025 Galicia-España	Variacións														
	mes anterior									interanual					
	absoluta			relativa			absoluta			relativa					
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.113.486	1.111.207	1.104.002	10.835	-2.279	-7.205	0,98%	-0,20%	-0,65%	20.112	18.321	18.156	1,84%	1,68%	1,67%
España	21.865.503	21.666.203	21.697.665	4.408	-199.300	31.462	0,02%	-0,91%	0,15%	482.397	476.801	499.459	2,26%	2,25%	2,36%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

A **afiliación media** en Galicia pecha o terceiro trimestre do ano cun aumento no número de afiliacións de máis de 1.300 persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, incremento que se produciu de xeito íntegro no mes de xullo, A afiliación media en España medrou en xullo e en setembro, pero a forte redución de agosto fixo que se rexistrara diminución no trimestre. O *Gráfico 3* recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais e nel pódese apreciar como segue a crecer en Galicia e acadou 54 meses consecutivos de crecemento. Respecto da afiliación media rexistrada ao peche do segundo trimestre de 2025 o ritmo de crecemento da afiliación media interanual mantívose case constante por riba do 1,6% mentres que en España o fixo na contorna do 2,3%. Deste xeito, o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto a España aumentou en máis dunha décima no trimestre ata o 0,7%.



Afiliación total ao Réxime Xeral da Seguridade Social por tipo de contrato (Galicia, setembro 2025)					
	Afiliación ao peche setembro 2025	Afiliación ao peche xullo 2025	Variación porcentual a 3 meses	Afiliación ao peche setembro 2024	Variación porcentual a 12 meses
Variación absoluta	852.248,1	851.647,0	0,1%	832.804,4	2,3%
Contratación indefinida	641.908,3	643.035,5	-0,2%	627.586,7	2,3%
a tempo completo	491.244,5	489.409,9	0,4%	478.890,0	2,6%
a tempo parcial	116.702,1	118.513,9	-1,5%	114.100,1	2,3%
contratos fixos-descontinuos	33.961,7	35.111,8	-3,3%	34.596,6	-1,8%
Contratación temporal	124.565,5	120.474,2	3,4%	124.330,4	0,2%
a tempo completo	93.560,8	89.876,7	4,1%	93.928,2	-0,4%
a tempo parcial	31.004,8	30.597,5	1,3%	30.402,1	2,0%
Contratos de aprendizaxe, formación e prácticas	3.606,5	4.907,8	-26,5%	5.289,5	-31,8%
Outros	82.167,8	83.229,6	-1,3%	75.597,8	8,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

reducidas neste trimestre respecto do anterior, de xeito sobranceiro no que atinxe á contratación en prácticas (-26,5%) e, en menor medida, a contratación indefinida a tempo parcial e aos contratos indefinidos fixos-descontinuos.

Respecto do peche do terceiro trimestre de 2024 a afiliación media ao Réxime Xeral en Galicia aumentou nun 2,3% logo de que se rexistraran incrementos en porcentaxes similares ao indicado tanto na contratación indefinida a tempo completo como a tempo parcial, así como a contratación temporal a tempo parcial. Tamén medrou, mesmo con máis intensidade, a afiliación media entre as persoas con contratos clasificados como *Outros* (8,7%).

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2024/2025)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	534	503	-5,8	12	15	25,0	2	3	50,0	548	521	-4,9
Pesca	317	284	-10,4	13	18	38,5	3	1	-66,7	333	303	-9,0
Industria	3.236	3.307	2,2	26	52	100,0	4	4	0,0	3.266	3.363	3,0
Construción	1.924	1.912	-0,6	46	39	-15,2	6	9	50,0	1.976	1.960	-0,8
Servizos	6.421	6.657	3,7	83	71	-14,5	11	11	0,0	6.515	6.739	3,4
Total	12.432	12.663	1,9	180	195	8,3	26	28	7,7	12.638	12.886	2,0

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Xuño 2024/2025)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	1.643,3	1.571,3	-4,4	36,9	46,9	26,9	6,2	9,4	52,3	1.686,4	1.627,5	-3,5
Pesca	1.963,6	1.832,7	-6,7	80,5	116,2	44,2	18,6	6,5	-65,3	2.062,7	1.955,3	-5,2
Industria	2.188,5	2.213,8	1,2	17,6	34,8	98,0	2,7	2,7	-1,0	2.208,8	2.251,3	1,9
Construción	2.382,3	2.332,0	-2,1	57,0	47,6	-16,5	7,4	11,0	47,8	2.446,7	2.390,6	-2,3
Servizos	839,8	856,0	1,9	10,9	9,1	-15,9	1,4	1,4	-1,7	852,1	866,5	1,7
Total	1.193,2	1.198,5	0,4	17,3	18,5	6,8	2,5	2,7	6,2	1.213,0	1.219,6	0,5

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

mesmo período de 2024 e houbo o mesmo número de accidentes mortais que entón, tanto no sector servizos como no da industria.

A tendencia rexistrada nos índices de incidencia foi similar, aínda que o aumento da taxa de sinistralidade rexistrado é menor en medio punto porcentual neste parámetro (tamén por tipos, con menor incremento dos leves e mortais e maior dos graves).

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Xuño 2025)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	17	-3	1.583	-1.718	3.332	-1.572
España	362	-99	131.797	2.991	360.970	-164.233

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

intensidade tanto as xornadas non traballadas (-32%) coma o número de persoas participantes (-54%). En España non se reduciron todos os valores dos parámetros que miden a conflitividade logo de que o número de persoas participantes en folgas se incrementase por riba do 2%.

Como novidade este *Boletín* analiza a evolución en Galicia da afiliación media mensual á Seguridade Social de persoas traballadoras por conta allea, desagregada polo tipo de contrato asinado. Se temos só en conta a evolución da afiliación media ao Réxime Xeral, os datos estatísticos facilitados pola Tesorería Xeral da Seguridade Social ao remate do terceiro trimestre de 2025 indican que a afiliación media en Galicia apenas medrou (<0,1%, por baixo de 600) respecto do peche do trimestre anterior, incremento que cómpre adxudicar á evolución da contratación temporal tanto a tempo completo (4,1%) como parcial (1,3%) e, en menor medida, á contratación indefinida a tempo completo (<0,4%). As restantes modalidades de contrato víronse

reducidos en prácticas (-26,5%) e, en menor medida,

Porén, tanto o número de folgas (-21%) coma o número de xornadas non traballadas (-31%) víronse reducidas con respecto ao que acontecera no primeiro semestre de 2024

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Xullo 2024-2025

	TOTAL			DESPELIDAMENTO S COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADAS		
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior
	Absolutos	En %		Absolutos	En %		Absolutos	En %		Absolutos	En %	
Galicia	9.100	1.806	21%	828	-106	-11%	8.088	1.813	29%	184	-101	-35%
España	71.241	-20.519	-22%	23.404	-116	0%	44.492	-18.391	-29%	3.345	-2.012	-38%

(Datos mensuais facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social nas súas Estatísticas de expedientes de regulación de emprego)

entre os ERE de suspensión de contratos cun 29%, mentres que os derivados de despedimentos colectivos e redución de xornadas diminuíron nun -11% e un -35% respectivamente. En España os ERE por suspensión de contratos reducíronse nun -29% e os de despedimentos colectivos mantivéronse case que en igual número que no mesmo período de 2024, mentres que os de redución de xornada baixaron un -38%.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2021-2025

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
	2021		2022		2023		2024	
	2.478,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
	2.808,4	5,2	22,1	5,1	2.055,3	5,3	16,2	3,7
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.466,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.766,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.963,4	3,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	19,3	-0,5	1.766,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.919,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.836,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.708,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.558,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.688,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.096,8	2,9	16,8	6,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.082,8	5,0	15,6	3,7
3T24	2.752,6	5,1	22,9	8,4	1.997,0	5,0	16,6	8,4
4T24	2.947,4	4,5	23,3	3,2	2.195,8	4,8	17,4	3,5
1T25	2.781,5	2,3	21,3	1,8	1.999,6	1,7	15,3	1,2
2T25	2.881,7	2,3	22,3	5,0	2.113,5	2,5	16,4	5,1

Fuente: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

trimestre logo de ficar nos 2.416,50 €/mes, de xeito que a diferenca entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España rexistrou unha redución de dúas décimas de punto e pasou a ser do -12,5%.

Por hora efectiva, os custos no segundo trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do trimestre anterior nun 5,0% e nun 5,1% respectivamente. No caso de España o fixeron e dun xeito un pouco maior -nun 5,5% e nun 5,2%- . Tanto en Galicia como en España os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, laborais ou salariais, foron por riba dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2025

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	979	36.308,1	-321	-30,8%	102	-29,3%
Sociedaes que ampliaron capital	235	106.170,8	-33	-35,3%	-4	42,5%

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

12%) pero non o capital invertido nelas (que tamén diminuíu na contorna do -30%). O número de sociedades que ampliaron capital diminuíu respecto do segundo trimestre en máis do -12%, e tamén o fixo o capital ampliado ao amosar unha redución superior ao -35%. Tamén se reduciu o número de sociedades que ampliaron capital respecto do acontecido fai catro trimestres, aínda que o fixo de xeito moi cativo, pero isto non se viu reflectido no capital aumentado, que medrou dun xeito considerable (por riba do 42%)

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2025

	3T25	2T25	3T24
Sociedades disolvidas	224	266	228
Sociedades que reducen capital	52	60	62
Sociedades en situación concursal	54	54	55

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de empresas disolvidas reduciuse en máis do -15% respecto das que o fixeron no segundo trimestre de 2025. Respecto do terceiro trimestre de 2024 tamén se redución, pero dun xeito moito máis discreto (por baixo do -2%). Pola súa banda, o número de sociedades que redución capital tamén diminuíu tanto respecto do trimestre pasado (-13%) como respecto do número de empresas que redución capital no terceiro trimestre de 2024 (-16%). Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores foi o mesmo que o rexistrado no pasado trimestre e tan só se reduciu en unha única empresa con respecto do acontecido fai catro trimestres. Rexistráronse dous procesos de escisión de empresas, un máis que no trimestre anterior e tres menos que fai catro trimestres, mentres que os procesos de fusión foron en 12 fronte aos seis do segundo trimestre do ano e os 19 de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o terceiro trimestre de 2025, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 17 ditames sobre normativa laboral autonómica, idéntico número ao de ditames emitidos durante os nove primeiros meses de 2024.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante os nove primeiros meses de 2025 tiveron entrada no AGA 76 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 29 menos das que foron recibidas no mesmo período de 2024. Entre as 55 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (10 menos que no mesmo período de 2024), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 70,9%. Así mesmo proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes seis meses tiveron lugar na sede do Consello 36 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 11 Convenios colectivos de sector.

Para finalizar, no que toca a nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre tivo lugar unha xornada en Santiago de Compostela dedicada a O emprego no medio rural galego.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>